



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN CASA DA MULLER PARA O FINANCIAMENTO DUN PROXECTO DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL NO EXERCICIO 2022.

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Xuventude, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 124/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Dona Uxía Varela Bermúdez, con DNI 54128971N, presidenta da **Asociación Casa da Muller**, que actúa en nome e representación da entidade co NIF G70581517, de acordo co nomeamento outorgado o 1 de febreiro de 2019, por acordo da Asamblea Xeral, segundo o disposto nos artigo 16 dos seus estatutos, como así consta no rexistro de asociacións.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para que no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.





II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de asistencia social conforme ao Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, e ten entre as súas funcións e competencias as relativas á atención das persoas maiores, e no marco desas competencias están comprendidas as funcións dirixidas ao fomento de programas e actividades de promoción da autonomía persoal, de promoción do envellecemento activo así como o fomento das relacións interxeracionais.

IV. Que a Asociación Casa da Muller, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións, co número 2019/23323-1, tendo por finalidade, entre outras, a posta en valor das mulleres e a promoción das relacións interxeracionais.

A entidade figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-7016.

V. Que ambas partes son conscientes do fenómeno do envellecemento e despoboamento que se está producindo no rural galego, e máis concretamente na Comarca de Bergantiños. Neste marco, no que a poboación de maiores aumenta, e dentro deste grupo de poboación, as mulleres é o número máis significativo, elévase o risco de illamento nos maiores que pasan unha gran parte do tempo en soidade nos seus fogares. Neste contexto é de vital importancia dotar de instrumentos para a participación social e o empoderamento das persoas maiores no rural e máis concretamente das mulleres maiores. Ditos recursos non serven só para a mellora da calidade de vida nun rango de idade, senón tamén para fomentar as relacións interxeracionais. É preciso desenvolver programas que promovan o envellecemento activo, fomenten a súa integración e participación na sociedade, a través de medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento deste tipo de programas por parte do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas maiores, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.





A Asociación Casa da Muller leva a cabo un proxecto de promoción da autonomía persoal co que se pretende por un lado, dar impulso a unha serie de actividades culturais e educativas co obxecto de promover a participación activa da poboación maior na vida social e cultural, e por outro crear un espazo de encontro para os veciños, dirixido ás persoas maiores que viven soas, especialmente ás mulleres maiores. Así, no proxecto denominado Universidade Rural Aldea do Couto, as persoas asistentes non reciben unha formación formal, senón que se pretende que teñan acceso a unha serie de contidos que no seu momento lles foron restrinxidos, e ao mesmo tempo se decaten do valor que eles teñen no mundo rural. Preténdese dar unha oportunidade de formación ás persoas que tendo pouca formación regrada, foron e son capaces de transmitir cultura.

VI. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Casa da Muller leva a cabo un proxecto de promoción da autonomía persoal co fin de promover un envellecemento activo e facilitar a relacións interxeracionais, polo tanto de interese social.

A especificidade do proxecto ven dada polos tipo de destinatarios e polo ámbito xeográfico. Vai dirixido ás persoas maiores, sobre todo mulleres, que residen nun ámbito eminentemente rural, e envellecido, concretamente na Comarca de Bergantiños o que lles dificulta o acceso a este tipo de actividades, razóns que xustifican a concesión directa dunha subvención.

Así mesmo, as actuacións deste proxecto, recollidas na súa cláusula segunda a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude; a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo un proxecto de promoción da autonomía persoal





CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte de Consellería de Política Social e Xuventude dos gastos derivados da execución dun proxecto de promoción da autonomía persoal da Asociación Casa da Muller, na aldea do Couto, en Ponteceso, no exercicio 2022, denominado Universidade Rural Aldea do Couto, a través da concesión directa dunha subvención .

Actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á prevención da situación de dependencia e promoción da autonomía persoal das persoas maiores, mellorando a comunicación, conexión e relación coa contorna.

A Asociación Casa da Muller leva a cabo o programa de promoción da autonomía persoal para tratar que as persoas maiores melloren a súa vida persoal e social tratando de promover o seu envellecemento activo. Deste xeito, as persoas maiores poden seguir coa súa vida cotiá na rúa residencia habitual coa axuda e atención que se lle presta desde esta Asociación.

O programa de actividades recolle propostas de tipo artesan, como pirogravado, cerámica, cestería, calceta e encaixe entre outras relacionadas coa tecnoloxía móbil e internet, actividade física, teatro e un espazo para debate e música tradicional.

A Comarca de Bergantiños, conta cunha poboación maioritariamente envellecida, polo que o proxecto de autonomía persoal é unha gran oportunidade para acercar á poboación rural e sobre todo aos maiores a esta, cunha participación claramente activa dos veciños en coñecementos de nutrición, deporte e vida saudable, completándoo con ximnasia de mantemento, pilates e saídas culturais e ambientais a distintos puntos de interese, e compartindo con profesionais segredos da súa cociña; revalorizando oficios tradicionais como a cestería como un medio para o deseño e a innovación e participando en programas de achegamento ás TICs.

Os maiores do rural desta comarca poderán relacionarse e participar en dinámicas que melloran a súa autoestima e a súa autonomía persoal, para os que queren manterse activos no desenvolvemento das actividades da vida diaria, preservando a súa saúde.





SEGUNDA. Actuacións subvencionables

As actuacións subvencionables que forman parte do proxecto durante o período de vixencia son:

- a) Obradoiros de Informática; Capoeira; Música tradicional; Cociña; Cancioneiro; Coiro; Teatro; Cestería; Aulas científicas; Pirogravado; Mindfulness; Costura. Nestas actividades a poboación maior logra obter coñecementos nestas actividades co obxecto de promover a participación activa na vida social e cultural.
- b) Saídas culturais a Pontevedra, Ribeira Sacra, Mondoñedo e O Courel. e ampliar coñecementos destas actividades culturais e educativas.
- c) Conferencias sobre hábitos saudables e envellecemento activo cunha participación claramente activa dos veciños en materias de nutrición, deporte e vida saudable, completándoo con ximnasia de mantemento e pilates, entre outros para beneficiarse dun envellecemento saudable.

TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións descritas, ascende a cantidade de 16.000€.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude alcanzará **dezaseis mil euros** (16.000,00 €) que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.04.312E.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

CUARTA. Obrigas da entidade

1. A Casa da Muller deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de entidade beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

- a) Realizar o programa ou adoptar ou comportamento que fundamenta a concesión da subvención, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no disposto , e no disposto neste convenio.





- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- c) Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos no marco deste convenio, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do proxecto e nos lugares onde estas se realicen "subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude" co seu respectivo logotipo.
- i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.
2. Asemade, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

QUINTA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, , polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de





subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto coa descrición de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SIXTA. *Compatibilidade con outras axudas*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das actividades que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria. O pagamento do 100% da subvención realizarase en un único pago unha vez xustificada todas as actividades do programa subvencionadas polo convenio e aportando a documentación indicada na cláusula oitava.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do





procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. *Gastos subvencionables e xustificación*

1. En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución das actuacións a subvencionar, así como o gasto corrente directamente relacionado coas ditas actuacións de conformidade co recollido na memoria económica.

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o 20 de decembro de 2022.

2. Considerarase efectivamente realizado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao obxecto da subvención, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín da persoa provedora. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín da persoa provedora.

3. A Asociación Casa da Muller remitiralle á Consellería de Política Social e Xuventude a seguinte documentación, unha vez finalizadas as actuacións a subvencionar a través deste convenio, xunto coa xustificación do emprego da cantidade total das ditas actuacións e en todo caso con data límite do 20 de decembro de 2022:

a) Un informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro deste convenio.





b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º. Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación. Así mesmo nos gastos comúns a outras finalidades distintas a este convenio deberán establecer a porcentaxe destinada a este convenio.

2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Nas facturas terán que facer referencia á imputación a este convenio.

3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no 1º parágrafo.

4º. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

5º. Os 3 orzamentos solicitados pola entidade beneficiaria, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 euros, de acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

6º. Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) Declaración complementaria e actualizada comprensiva de todas as axudas e subvencións concedidas para o mesmo proxecto, indicando que non hai ningunha pendente de resolución, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.





5. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, en que se reflecta o importe da retención ou cotización devindicada na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2023.

NOVENA. Incumprimentos, reintegros e sancións

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do seu regulamento.





DÉCIMA. *Inexistencia de relación laboral*

A Casa da Muller queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades do proxecto a subvencionar relacionadas na cláusula segunda deste convenio.

A subscrición do presente convenio non leva consigo ningunha relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que realicen as actuacións que forman parte do referido proxecto, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Comisión de seguimento e control*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes da Casa da Muller, designados pola persoa representante de cada unha das partes, así como os seus suplentes. A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración, designada pola persoa titular do órgano de dirección con competencias en materia de promoción da autonomía persoal . A persoa que ocupe a secretaría, así como o seu suplente será unha persoa adscrita ao órgano de dirección con competencias en materia de promoción da autonomía persoal e designada pola persoa que ocupe a presidencia que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase A Casa da Muller dende o 1 de xaneiro de 2022 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.





DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas da publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA. *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace





<https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerese polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.





Todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida a través deste convenio, serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude, así como aquelas cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución do mesmo, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo de un mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración no lugar e data da súa sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e
Xuventude

Pola Asociación Casa da Muller

A Conselleira de Política Social e
Xuventude

A presidenta

Fabiola García Martínez

Uxía Varela Bermúdez

